E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico.
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro no automatizado

Ficheiro: REXISTRO DA XUNTA

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión de tramites administrativos dos usuarios, para facilitarlle os trámites coa administración.
	b) Usos previstos	Rexistro de entrada e saída de documentos
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Interesados nos procesos administrativos (cidadáns e residentes)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante declaración do propio interesado ou representante legal
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, tarxeta xanitaria, firma/impresións dixitais Datos especialmente protexidos: saúde, violencia de xénero. Datos características persoais: Estado Civil, Familia, Data e lugar de nacemento, idade, sexo. Datos económicos e profesionais e de detalles de emprego. Datos de circunstancias sociais. Datos económico-financieros e de seguros.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Alto.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Rexistro de propietarios de animais potencialmente perigosos.
	b) Usos previstos	Control e seguridade cidadá
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Proprietarios de animais potencialmente perigosos.
C.- Procedemento de recollida de datos de		O propio interesado ou o seu representante legal mediante:

carácter persoal	Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, certificado do veterinario. Psicotécnico, certificado de penais. Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos económicos- financeiros e de seguros: seguros
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Entidades aseguradoras e Forzas e corpos de Seguridade. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Medio
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: REXISTRO DE ASOCIACIÓNS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Adquirir financiamento público para as diferentes actividades realizadas polas asociacións, darlle asesoramento, etc...
	b) Usos previstos	Educación, cultura e deportes. Actividades recreativas.
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos		Solicitantes e beneficiarios (asociados ou membros, representantes legais, solicitantes, beneficiarios). Asociacións.
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de n por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Básico.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro no automatizado

Ficheiro: REXISTRO XERAL

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Rexistro xeral de entrada e saída de documentos de expedientes administrativos.
	b) Usos previstos	Rexistro de entrada e saída de documentos
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos		Interesados nos procesos administrativos (cidadáns e residentes)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante declaración do propio interesado ou representante legal
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais

contidos no mesmo	
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: SAF

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Prestar axuda a dependentes co grado recoñecido e ademais atender a demanda dos usuarios do concello con necesidades sociais. Servizo de teleasistencia da Xunta e da Deputación.
	b) Usos previstos	Servizos Sociais.
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Usuarios dependentes de servizos sociais.
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos de circunstancias sociais: estado civil, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de saúde. Datos de circunstancias sociais: datos de vivenda. Datos económicos- financeiros e de seguros: ingresos e rendas, pensións, seguros
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Entidades aseguradoras e Administracións Públicas. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Alto.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: SERVIZO DE VOLUNTARIADO EUROPEO

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión da formación para o desenrolo de actividades no concello nas áreas de cultura, emprego, deportes e servizos sociais.
	b) Usos previstos	Educación. Actividades culturais, recreativas, deportivas e sociais. Análise de perfiles
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Usuarios (cidadáns e residentes, solicitantes e beneficiarios). Voluntarios Europeos
C.- Procedemento de recollida de datos de		O propio interesado ou o seu representante legal mediante

carácter persoal	formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: Fotografía, Nome e apelidos, DNI/ NIF, N° da seguridade social / Mutualidade, Tarxeta sanitaria, dirección, teléfono, Firma Datos de carácter persoais: datos de familia, estado civil, lugar de nacemento, data de nacemento, idade, sexo, nacionalidade. Datos de saúde. Datos económico-financieros: datos bancarios. Datos de detalles de emprego: profesión, posto de traballo, historial Datos académicos e profesionais: Formación, experiencia, historial
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Administración tributaria, Organismos da Unión Europea. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Entidades Sanitarias, Forzas e corpos de seguridade. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Alto.
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado.

Ficheiro: SUBVENCIONS SOLICITADAS PARA OS USUARIOS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión e tramitación de solicitudes para adquirir financiación pública para determinadas actividades deportivas, culturais e xuveniles
	b) Usos previstos	Educación, cultura e deportes.
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos		Solicitantes e beneficiarios (asociados ou membros, representantes legais, usuarios).
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías. Datos de características persoais: estado civil, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos económico-financieros: datos Bancarios, certificado de estar o corrente das obrigacións tributarias
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Básico
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: SUBVENCIONS SOLICITADAS PARA O CONCELLO

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión, tramitación e resolución de solicitudes de subvencións, axudas e prestacións
	b) Usos previstos	Educación, cultura e deportes. Servizos económicos e financeiros
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se		Solicitantes e beneficiarios (asociados ou membros, representantes

pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	legais, solicitantes, beneficiarios). Cargos Públicos
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresión dixitais Datos económico – financeiros e de seguros: datos bancarios, certificado de estar o corrente das obrigas tributarias.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: TALAS E CORTES DE MADEIRA

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión e control da tala e corte de madeira e aplicación de fianzas e sancións administrativas
	b) Usos previstos	Control medioambiental.
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Empresas madereras, propietarios e arrendatarios.
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado e Rexistros Públicos.
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono e firma. Datos das propiedades ou orixes dos efectos dos expedientes, datos catastrais. Datos de seguros. Datos de sancións administrativas.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Básico.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: XESTIÓN DO CENTRO DE MAIORES

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión dos centros de maiores e o seu funcionamento
	b) Usos previstos	Xestión administrativa.
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Solicitantes e beneficiarios
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección,

dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías Datos de características persoais: estado civil, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO A BAÑA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO A BAÑA PRAZA DO CONCELLO S/N 15863 A BAÑA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
L.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

c) Baixa de ficheiros:

Ficheiro: ALISTAMIENTOS

Segundo.- De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

Terceiro.- Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- En cumprimento do artigo 55 de Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días dende a publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Segundo. Someter o dito regulamento a información pública e audiencia ás persoas interesadas con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado: catro votos a favor correspondentes ao grupo municipal popular e tres abstencións do grupo municipal socialista, queda polo tanto aprobada, por maioría absoluta, o ditame da Comisión Informativa en todos os seus termos.”

8. Solicitude de inclusión do Concello da Baña no ámbito de aplicación do Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica

ANTECEDENTES

As fortes tormentas de chuvia e vento que se sentiron con especial intensidade na fachada atlántica durante os meses de xaneiro e febreiro deste ano provocaron no Concello da Baña importantes danos materiais a bens de titularidade pública. En concreto, as chuvias padecidas durante aqueles días provocaron considerables danos en diversas pistas de titularidade municipal tanto asfaltadas como de *zahorra*.

CONSIDERACIÓNS

1. O Goberno de España promulgou o Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, co obxecto de establecer un catálogo de medidas urxentes para reparar os danos causados ás persoas e aos bens afectados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica.

No devandito real decreto-lei establecíase que a determinación dos termos municipais e dos núcleos de poboación afectados aos que lles serán aplicables as medidas recollidas neste sería efectuada polo Ministerio de Interior a través dunha orde.

2. O *Boletín Oficial do Estado* do pasado 1 de maio facía pública a Orde do Ministerio do Interior con data do 25 de abril a través da que se concretou os termos municipais e os núcleos de poboación que se poden beneficiar das medidas establecidas no Real decreto-lei 2/2014.

O Concello da Baña non aparece na relación de concellos destinatarios das medidas tendentes a reparar os danos provocados polas inclemencias meteorolóxicas padecidas durante os dous primeiros meses do ano a pesar dos importantísimos danos sufridos en equipamentos e infraestruturas de uso público.

3. A Alcaldía emitiu unha proposta da Alcaldía con data do 26.05.2014.
4. Considérase a Memoria valorada explicativa con motivo dos danos causados polos temporais nos dous primeiros meses de 2014 no Concello da Baña suscrita por Juan Carlos Carballeira Rifón.

Polo exposto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

1. Solicitarlle ao Goberno de España e, en concreto, ao Ministerio de Interior que se inclúa o Concello da Baña na relación de concellos beneficiarios das medidas establecidas no Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, para reparar os danos causados nos dous primeiros meses do ano 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica.
2. Aprobar a dita memoria explicativa
3. Comunicarlle o presente acordo ao Ministerio do Interior e á Xunta de Galicia para os efectos oportunos e achegarlles a mencionada memoria explicativa.

9. Actuacións de control

Mocións

De conformidade co preceptuado no artigo 82 do ROF e tras a declaración de urxencia ratificada por unanimidade da Corporación e, en consecuencia, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que por dereito a compoñen, acórdase incluír na orde do día a moción presentada polo Ilustre Colegio Provincial de Abogados de A Coruña que deseguido se transcribe:

MOCIÓN PARA A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO PRÓXIMO PLENO DO CONCELLO PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN

Exposición de motivos

O pasado 4 de abril de 2014 aprobouse polo Consello de Ministros o anteproxecto de reforma de Lei Orgánica por Poder Xudicial, en virtude do cal preténdese levar a cabo unha profunda transformación na organización territorial do poder xudicial de España. Entre outras medidas, prevese a eliminación dos partidos xudiciais coa correlativa desaparición dos Xulgados radicados nos mesmos, así como a erradicación dos Xulgados de Paz asentados nos municipios que non son cabeceira de partido. O seu obxectivo é a centralización da xustiza de primeira instancia nas capitais de provincia, mediante a implantación dos denominados Tribunais de Instancia de ámbito provincial.

Resulta incuestionable que a reforma proxectada non se compadece coas peculiaridades xeográficas, demográficas e estruturais de Galicia, e a súa posta en práctica provocará indeseables desigualdades entre núcleos poboacionais, dificultando o acceso á xustiza a todos aqueles cidadáns residentes en localidades afastadas das capitais de provincia. Por outra banda, producirá a desconexión do xulgador da contorna onde se orixina a contenda, o que en absoluto favorecerá o acerto de resolucións xudiciais; así como xerará graves disfuncións na dinámica procesal á hora de practicar dilixencias cando o lugar do conflito estea distanciado da sé do Tribunal. Non sen desdeñar o impacto negativo que ocasionará nas economías das comarcas que perden as súas unidades xudiciais e a inercia socioeconómica que a súa existencia provoca, abocándoas a un proceso de perda progresiva de servizos en prexuízo do cidadán.

Entendemos que a demarcación xudicial facilitará a realización efectiva do dereito de tutela xudicial, non obstaculizada, e garantir o principio de igualdade que indefectiblemente debe rexer no acceso aos servizos públicos.

A actual división territorial en partidos xudiciais segue sendo hoxe en día a mellor fórmula para garantir a proximidade da xustiza ao cidadán e en condicións de igualdade, debendo manterse.

Por todo iso, considerando de suma importancia a implantación dos Concellos afectados pola reforma proxectada, propónse ao pleno do Concello a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Rexeitar o anteproxecto de reforma da LOPJ aprobado polo Consello de Ministros o

04/04/14.

2. Pronunciarse a favor do mantemento dos partidos xudiciais e a continuidade dos xulgados existentes.”

A alcaldía opina que as administracións deben estar preto da cidadanía. Nos anteproxectos saen cousas que despois non se dan cambiado; parécelle mellor manter a estrutura actual (os xulgados actuais e o Rexistro Civil). Deberíase facer unha reforma pero máis consensuada porque este cambio que se propón provócalle moitos problemas á cidadanía.

A concelleira D^a. Ana Pazos manifesta que o seu grupo político está totalmente de acordo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación á devandita moción.

Rogos e preguntas

A Alcaldía, antes de responder as preguntas do último Pleno ordinario, explica que onte tivo unha xuntanza na Consellería de Industria co secretario xeral onde se comunicou unha información relativa ás festas populares; onde hai que concretar determinados aspectos que serán levados a cabo pola secretaria co secretario xeral da Consellería.

Auséntase da sesión o concelleiro D. Manuel Tourís Fernández ás 14:25 horas e incorpórase sete minutos máis tarde.

A Alcaldía responde as preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista na sesión ordinaria anterior:

1. Revisión máis a miúdo do estado da iluminación pública e que non teñan que estar os veciños chamando para que se arranxen.

As avarías que se producen repáranse o máis axiña posible xa que se dan os avisos ben o Concello ou ben os propios electricistas. En canto á revisión ou ao cambio de luminarias, cando necesitan estanse a facer coas ordes ou subvencións do Inega ou do Fondo de Compensación Ambiental.

2. Reclamamos un espazo na revista do Concello para informar os veciños, sabemos que noutros concellos é posible.

A revista do Concello, que se fai desde hai moito tempo, vén recompilando información detallada de todas as actividades ou noticias que se producen no

concello ben semestralmente ou ben anualmente. Non se utiliza para facer ningún tipo de política.

3. Queremos saber que está facendo ante a vaga de roubos que se están levando a cabo neste Concello, pois temos coñecemento de que a xente está moi preocupada.

A preocupación é máxima, de aí que tivemos varias reunións co subdelegado do Goberno, co comandante da Garda Civil de Negreira, coa Capitanía de Noia e máis recentemente co xeneral da XV Zona da Garda Civil.

4. Por que se están retrasando tanto os presupostos?

Debido á entrada en vigor da Lei de sustentabilidade, hai moitas tarefas prioritarias que provocan este retraso e así están nesta situación a maioría dos concellos.

5. No parque infantil de San Vincenzo atopáronse cristais e non hai papeleiras, rogamos máis limpeza nos parques infantís.

A limpeza das áreas recreativas, parques infantís ou zonas de ocio é prioritaria e así o fixen saber, iso non quita que ás veces poida haber algúns elementos que estragan as zonas antes mencionadas.

6. Saber que se está facendo ou se pode facer por un señor que deambula por Fiopáns, Troitosende e arredores que vive no monte, pois ultimamente vese en malas condicións e a poboación está preocupada.

Sabemos da situación hai tempo así como a Garda Civil e as institucións pero como está a súa documentación legal, é decisión persoal a maneira de vivir de cada un.

7. Queremos que se nos explique a gratificación de 600 € recibidas polos funcionarios municipais (Barbeira, Ricardo, Olga, Lita e Ana) no mes de febreiro.

Hai un expediente tramitado onde se acredita a legalidade, a oportunidade e a conveniencia das ditas gratificacións. Como consta no decreto é a xustificación da subvención do PAI e outros trámites derivados das esixencias do Ministerio de Facenda.

En canto á Brigada, foi debida a traballos extraordinarios realizados durante os temporais fóra da xornada laboral normal.

8. Queremos saber o motivo polo que os veciños que viven nunha residencia privada teñen descontos adicionais na lavandería municipal cando se aprobou unha normativa e entendemos que todos somos iguais.

Desde a aprobación da nova ordenanza e da derogación do convenio, a residencia privada non lle trae a roupa á lavandería municipal.

9. Queremos saber para cando está prevista a apertura do PAI e saber cantos nenos hai xa anotados.

Estamos co tema, así o demostra o convenio do Concello co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para contratar o persoal. Xa realizaron a preinscrición 14 nenos e nenas a falta da matrícula oficial.

10. Arranxos e obras:

*Camiño que vai para o monte de Vesía e en Barcala o de Candaveliños.

Por favor achegade planos para identificar

*Pista de *zahorra* dende Fampousa ata a cuadra de Arán.

Estamos actuando.

*O camiño que vai á cuadra de Cándido.

Privado e Patrimonio

*Estrada dende A Igrexa ao Pazo.

Incluído DTC

*Pista de *zahorra* en Mundrís e Prousor.

Identificar planos

*Adecantamento de áreas recreativas.

Están actuando.

*Limpeza de fontes e facer analíticas destas (carteis de se é potable ou non).

Procederáse á limpeza e analítica das augas das fontes.

*Reparación nunha obra que se levou a cabo hai pouco e que xa está desfeita en Vilar da Torre, onde hai uns tubos levantados porque se fixo unha chapuza.

Esta obra xa se realizou.

11. Rogamos que se informe a todos os veciños da normativa de plantacións, ben por carta ou charlas informativas nas parroquias.

Estamos elaborando un díptico ou un tríptico.

12. Rogamos que se tomen medidas co estado do terreo de Mallón no Seilán (limpeza da maleza que causa mala impresión na entrada do Concello).

Xa se avisou a persoa responsable.

13. Queremos saber que xestións se fixeron sobre o pintado na estrada Santa Comba – Portomouro.

Fixéronse xestións co xefe territorial de Estradas e con Tráfico (Departamento de Seguridade). O pintado realizouse sobre a normativa de seguridade vixente.

Preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista para o próximo Pleno ordinario:

1. Queremos saber por que se empezou tan tarde coa limpeza de cunetas, xa que todos os anos estamos no mesmo.
2. As áreas recreativas tamén están sen arranxar, Lañas, Fiopáns, Cabanas o seto da Baña segue sen estar decente e iso transmite o que vos preocupades polo Concello, pois non é a primeira vez que o reclamamos.
3. Queremos denunciar que empregados municipais repartiron caramelos e acendedores do PP no Concello e cargaron con caixas para o despacho do alcalde, ademais de veciños ver propaganda do PP dentro do Concello, aínda que todos os anos vimos denunciando estas prácticas vos seguides facendo o mesmo.
4. Parécenos lamentable o estado dalgúns dos locais sociais no que se levou a cabo a xornada electoral, por falta de hixiene, portas ou ventás rotas, baños que non se podían utilizar, sen calefacción ou estufas para poder quentarse, e que teña que ser o Partido Socialista estando na oposición o que teña que arranxar os problemas como foi o caso de Lañas ou Corneira, que por certo nos dous lados agradeceránnolo. Son veciños do Concello da Baña que foron elixidos nun sorteo, que pasaron moitas horas alí traballando para que as eleccións sexan posibles e que os seus mandatarios locais se esquezan deles e de todos os que van votar, así como membros da Administración ou dos partidos políticos, non se pode estar denunciando isto todos os anos e vos pasando como se non fora con vós.
5. Queremos saber como queda o tema das licenzas de festas, esiximos que se informen as comisións de festas ou asociacións para que a xente estea informada, pois segundo a presidenta de San Mamede de Monte a ela ninguén a informou do cambio de numeración na súa parroquia e así pode informar os

veciños e xa sabemos de que algún empresario mostrou malestar por se lle modifican o seu número á hora de notificar as cousas.

6. Gustaríanos saber canto custa a contratación dos novos profesores da escola de música, saber se teñen titulación no que están impartindo, cantos alumnos teñen por profesor e ademais saber se o director ten algunha titulación musical.
7. Esta pregunta fágoa no nome de Miguel Salvante que hai máis de tres meses solicitou un saxo e quería saber por que se lle dan largas.
8. O partido Socialista quere demostrar que o alcalde miente cando ao referirse a un ex traballador, que se despediu por un capricho do alcalde e dalgún concelleiro, cando di que o despediron do colexio Juniors, e presento copia dunha carta do director onde di todo o contrario. Ademais tamén temos información de que nunca traballou no Concello de Boqueixón, e seguides con que non se despediu senón que non se renovou e no acto de conciliación pon moi claro a improcedencia de despido, e por último con este tema tamén mentes cando dis que ningún traballador se queixou do comportamento dalgún concelleiro, presento copia dun escrito dun extraballador, que no seu momento presentou unha queixa, segundo el farto de que non se lle fixera caso ás súas queixas.

A Concelleira D^a. Ana Paramos Cebey quere que conste en acta os certificados do colexio Juniors e o escrito de D. Juan Ramóns Leis Varela que deseguido se transcriben:

“D. Miguel Ángel Rey Losada en calidade de director do Colexio Juniors, en Santiago de Compostela,

Certifica

Que D. Juan Ramos Leis Varela leva traballando como profesor de música durante os cursos 2007/08, 2008/09, 2009/10, 2010/11, 2011/12, 2012/13 e 2013/14.

No desempeño de dito traballo demostrou un alto nivel de iniciativa propia e dedicación resultando evidente a súa integridade de carácter, compromiso cos obxectivos marcados, alto grado de motivación e gran capacidade de traballo en equipo.

Por todo elo, a actuación de Juan Ramón Leis Varela é de todo satisfactoria para esta empresa.”

“A Baña, 10 de decembro de 2014

Muy Sres. Mios:

Por medio de la presente quiero poner de manifiesto una situación personal enojosa que afecta a mi condición de empleado/personal laboral del Concello y que atenta contra mis derechos como trabajador, menoscabando mi dignidad personal y profesional.

El pasado día 5 de diciembre, el concejal Sr. Manuel Tourís Fernández de forma improcedente e impropia de un representante municipal, formuló personalmente una acusación referente a que por mi parte, se había producido apropiación dineraria por razón de la adquisición de unos determinados instrumentos musicales para alumnos de la Escuela Municipal de Música. Tales afirmaciones no sólo constituyen una imputación falsa y temeraria, sino que acreditan una clara intención por parte de dicha persona de

perjudicarme personal y profesionalmente. Dicha persona además llegó a indicarme que dicha situación iba a tener repercusiones negativas en el ámbito de la relación laboral que mantengo con el Concello. Debo indicar que en anteriores ocasiones, dicha persona ha querido entorpecer mi trabajo profesional en las funciones y tareas encomendadas y en el desarrollo y actividad de la Escuela Municipal de Música en la que presto mis servicios desde el año 2008.

No solo puedo mostrarme conforme con dicha actitud, sino también debo manifestar mi total repulsa a tales acusaciones infundadas y claramente tendenciosas. Por lo tanto efectúo la reserva de las actuaciones legales que me puedan corresponder.

Quisiera que tales situaciones no se repitiesen en el futuro y al mismo tiempo reitero mi deseo de la más estrecha colaboración y mi voluntad de seguir aportando mis conocimientos y dedicación a la actividad educativa de la Escuela.

Lo que informo a los efectos oportunos,

Juan Ramón Leis Varela

Profesor de la Escuela Municipal de Música”

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematado o acto, do que estendo a presente acta, que asina o alcalde e eu, secretaria-interventora, que dou fe.

A secretaria-interventora

O alcalde